

# Kipps

*Historia dunha alma simple*



Irmás Cartoné, 2017

Título orixinal: *Kipps. The Story of a Simple Soul*

Tradución: Celia Recarey Rendo

Ilustración de cuberta: Carlos Valdés

Deseño e maquetación: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-945411-4-8

Dep. Legal: C 963-2017

Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2016.



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa do autor, a tradutora e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.





H. G. WELLS

# Kipps

*Historia dunha alma simple*

*Tradución de Celia Recarey Rendo*











«Aqueles individuos que levaron vidas afastadas ou illadas, ou que até o momento se moveron en ámbitos diferentes a aqueles nos que se move a xente de boa nacemento, terán nestas páxinas toda a información necesaria para familiarizarse enteiramente coas maneiras e as formalidades da boa sociedade.»

*Modos e normas da boa sociedade,*  
por Un Membro da Aristocracia.



# LIBRO PRIMEIRO

## O DESENVOLVIMENTO DE KIPPS



## CAPÍTULO I

### A TENDIÑA DE NEW ROMNEY

#### I

Até case chegar á idade adulta, Kipps non tivo claro por que estaba ao coidado dunha tía e dun tío en vez de ter un pai e unha nai como os outros nenos. Tiña vagos recordos doutro sitio, dunha habitación en penumbra, dunha xanela que daba a uns edificios brancos e doutra persoa que falaba con persoas esquecidas, e que era súa nai. Non lembraba as súas faccións con moita claridade, pero recordaba con suma definición un vestido branco que levaba, cun estampado de espiguiñas de flores e lazadas, e mais unha fita raiada arredor da cintura. Relacionadas con isto, non sabía como, había nebulosas lembranzas medio borradas de escenas nas que había choros, choros aos que se sentía misteriosamente levado a unirse. Un home alto e temible, de voz estrondosa, participaba naquelas escenas e, antes ou despois delas, tiña a impresión de mirar durante interminables períodos por xanelas de trens na compañía daquelas dúas persoas...

Sabía, aínda que non lembraba que nunca llo contasen, que certo rostro borroso e melancólico que o miraba desde un daguerrotipo cun marco de ouro e veludo sobre a repisa da lareira da sala de estar era o rostro de súa nai. Mais ese saber non lle daba máis luz aos seus vagos recordos. Naquela fotografía ela era unha silueta feminina, apoiada nunha escada de fotógrafo, e con todo o cohibido encollemento natural naquela postura. Tiña o cabelo crecho e un rostro moito máis novo e bonito que o de calquera

outra nai, segundo a súa experiencia. Sostiña un chapeu Dolly Varden\* pola correa e miraba con obedientes e respectuosos ollos para o cabaleiro fotógrafo que ordenara a pose. Era moi miúda e fermosa. Pero a nai fantasmal que tan esquivamente cativaba a súa memoria non era así, aínda que non lembraba ben en que se diferenciaban. Quizais era máis vella ou un pouco menos encolida ou, se cadra, só vestía dunha maneira diferente...

É evidente que ela llo encomendou á súa tía e ao seu tío de New Romney con instrucións claras e certa asignación. Enténdese que tiña algo dese fino sentido das diferenzas sociais que posteriormente terían un papel tan grande na traxectoria de Kipps. Non iría a unha escola «calquera», dispuxo ela, senón a certo colexio de Hastings que non só era unha «academia de clase media», con barrete e todas as mostras dun ton social máis elevado, senón tamén considerablemente económico. Parece que a movía o desexo de facer todo o posible por Kipps, mesmo facendo ela certos sacrificios, como se Kipps fose dalgún modo un tipo superior de persoa. Envioulle unha paguiña de cando en vez durante un ano ou máis despois de que empezara en Hastings, pero nunca lle viu a cara en todos os seus días de memoria lúcida.

Súa tía e mais seu tío xa estaban no alto do outeiro da vida cando chegou a eles. Casaran por comodidade no serán ou, en calquera caso, á tardiña dos seus días. Ao principio non eran máis que vagas siluetas sobre o fondo de realidades próximas, realidades como cadeiras e mesas familiares que se deixaban montar e conducir mansamente, a varanda da escaleira, os móbiles da cocíña, rachas de leña, a billa da caldeira, xornais vellos, a gata, High Street, o patio traseiro e os campos que sempre están

\* Chapeu de palla de reminiscencias bucólicas, plano e enfeitado con fitas e flores, que recibe o seu nome dun personaxe da novela *Barnaby Rudge*, de Charles Dickens, ambientada en 1780.

tan perto nesa pequena vila. Coñecía un a un todos os pelouros do patio, a rubideira do recanto, o caldeiro do lixo e o valado musguento mellor do que moitos homes coñecen os rostros das súas mulleres. Había un curruncho debaixo da táboa de pasar o ferro que, mediante o uso dun chal, podía, sendo os deuses favorables, converterse nunha casa de xogos ben xeitosa, unha esquina que durante varios anos serviu de cerna indiscutible do seu mundo; e as partes fibrosas da moqueta, os nós da cómoda e as beiras da alfombra de trapos de diante da lareira que fixera seu tío volvéranse partes esenciais dos seus alicerces mentais. A tenda non a coñecía tan minuciosamente: era unha rexión prohibida para el, aínda que dalgún xeito se amañara para coñecela moi ben.

Seu tío e mais súa tía eran, por así dicilo, os deuses inmediatos deste mundo e, como os deuses do mundo antigo, de cando en vez descendían sobre el con mandatos arbitrarios e castigos desproporcionados. E, por desgraza, el tiña que ascender ao seu olímpico nivel nas comidas. Entón había que bendicir a mesa, suxeitar a culler e o garfo dunha maneira delirante e antinatural chamada «apropiada» e absterse de comer até as cousas doces «axiña de máis». Se as «engulipaba», había problemas e ao menor desleixo con coitelo, garfo e culler, súa tía batíalle nos cotenos, aínda que seu tío sempre remataba o prebe co coitelo. Ademais, ás veces seu tío saía, coa pipa na man, do seu sedentario afastamento da maneira máis desconcertante, cando un cativo estaba facendo as cousas máis naturais e atractivas, cun «Carafio co traste este! Que está a facer agora?». E súa tía aparecía na porta ou na xanela para interromper a conversa cuns nenos que eran considerados, por motivos descoñecidos, «de clase baixa» e indesexables, e ordenáballe entrar. Os ruidiños máis agradables, por moi baixiño que os fixera, como repenicar nas bandexas do té, trompetear cos puños, asubiar nas chaves, tanxer un son cun par de caldeiros ou tocar unha melodía nos cristais da xane-

la, facía descender os deuses enfurecidos. Pero que ruído é máis leve que o dun dedo na xanela, feito con suavidade? Porén, ás veces aqueles deuses dábanlle xoguetes rotos da tenda, e entón el queríaos máis, porque a tenda que tiñan era, entre outras cousas, unha tenda de xoguetes. (As outras cousas incluían libros para ler e libros para regalar, e fotografías da vila. Tiña tamén algunha pretensión de ser unha tenda de louza e o friso da fachada falaba de cristal; era tamén unha papelería cun pouco xénero de mercería, e nas xanelas e nalgún curruncho había felpudos e pratos de terracota, e tallos de muxir para pintar; e había algún marco para fotografías e salvachispas e aparellos de pesca e escopetas de aire comprimido e traxes de baño e tendas de campaña; cousas variadas, de feito, pero todas cruelmente atractivas para os dedos dun cativo.) Unha vez, súa tía deulle unha trompeta se prometía firmemente non tocala, e despois sacoulla. E súa tía facíalle dicir o catecismo e algo que ela sen dúbida chamaba a «coleta do día» todos os domingos do ano.

Como os dous ían envellecendo conforme el medraba e a impresión que tiña deles se ía modificando imperceptiblemente de ano en ano, acaboulle parecendo que sempre foran como eran cando, nos seus días de adolescencia, as súas impresións das cousas quedaron fixadas. Sempre considerou a súa tía esvelta, de aspecto un tanto preocupado e propensa a certa oblicuidade do chapeu, e a seu tío macizo, con moita papada e desleixado cos botóns. Non facían visitas nin as recibían. Sempre andaban moi receosos dos seus veciños e doutras persoas en xeral; temían aos «de clase baixa» e odiaban e menosprezaban aos «estirados», de maneira que «andaban ao seu», conforme aos ideais ingleses. En consecuencia, o pequeno Kipps non tiña compañeiros de xogos, agás mediante o pecado da desobediencia. Pola súa natureza intrínseca, era de disposición sociable. Cando estaba en

\* Deturpación de «colecta do día», oración propia da liturxia anglicana.



High Street facía por dicirlles «Ola!» aos ciclistas que pasaban, e sacáballes a lingua aos meniños dos Quodling sempre que a súa institutriz non miraba. E iniciou unha amizade con Sid Pornick, o fillo do tendeiro do lado, que, con vastos intervalos, estaba destinada a durar toda a vida.

Pornick, o da mercería, podo dicilo xa, era, segundo o Kipps vello, un «paspán bocapodre»; un abstemio, un «metodista cantador de himnos», e el e os seus eran totalmente desagradables e prexudiciais segundo os verdadeiros ideais dos Kipps, até onde o pequeno Kipps podía deducir. O tal Pornick certamente posuía unha voz descomunal e amolaba ao Kipps vello berrando «Oe... *Arn*» e «Siddee» pola casa adiante. Amolaba ao Kipps vello cos servizos corais privados dos domingos, coa familia toda a cantaruxar; e cultivando cogomelos, e comportándose como se a pilastra que había entre as dúas tendas fose propiedade común, e facendo ruído co martelo pola tarde, cando o Kipps vello desexaba estar tranquiliño despois de xantar, e subindo e baixando polas escaleiras sen moqueta coas botas postas, e levando unha barba negra, e intentando ser amable, e... con todo tipo de cousas. En resumo, amolaba ao Kipps vello. Amolábao en especial co felpudo da súa tenda. O Kipps vello nunca sacudía o seu, pois prefería deixar estar o po durmido, e na busca dun motivo para un ridículo proceder, mantiña que Pornick esperaba até que houbera un vento apropiado para que a poeira desprendida pola operación puidese ensuciar a tenda do seu veciño. Estes asuntos transformábanse con frecuencia en sonoras e intensas liortas, e nunha ocasión achegáronse tanto á violencia como para que Pornick (que adoistaba ler xornal) a describira como unha «desafortunada pendencia». Naquela ocasión é certo que ese meteu na súa tenda con extrema celeridade.

Mais foi durante unha daquelas liortas cando xurdiu a amizade entre o Kipps novo e Sid Pornick. Os dous rapaces atopáron-

se un día mirando xuntos desde a porta para as cabras do doutor. Intercambiaron algunhas opinións discrepantes sobre que cabra ía poder coa outra, e despois Kipps o novo viuse levado a dicir que o pai de Sid era un «paspán bocapodre». Sid dixo que non era tal e Kipps repetiu que si, e citou á súa autoridade. Entón Sid, saíndo pola tanxente de xeito bastante alarmante, dixo que era quen de pelexar co Kipps pequeno cunha soa man, afirmación que Kipps negou cunha secreta falta de confianza. Houbo algunhas repeticións banais e o incidente puido rematar aí, pero por fortuna un deportivo mozo de carnicería arriscouse a entrar na polémica neste punto e insistiu en ver xogo limpo.

Os dous rapaces, ante a súa insistencia, abotoaron as chaquetas até arriba, endereitáronse e pelexaron unha edificante e igualada batalla até que ao mozo da carnicería pareceulle ben seguir o seu camiño co carneiro da señora Holyer. Despois, de acordo coas súas instrucións e baixo a súa experimentada dirección escénica, déronse a man e fixeron as paces. Posteriormente, un pouco manchados polas bágoas, quizais, pero ruborizados pola aprobación do mozo da carnicería («que cativos tan rexos») e con pedras frías baixo o pescozo como este lles aconsellara, sentaron un a carón doutro diante da porta do doutor, que sobresaía por detrás deles, detendo un honorable derramamento de sangue e amosando respecto o un polo outro. Tiñan ambos o nariz sanguento e cadanseu ollo morado —tres días despois adquirirían a mesma tonalidade exacta— ningún dos dous se rendera e, aínda que foi algo tácito, ningún dos dous quería máis.

Foi un comezo excelente. Despois deste primeiro encontro, os atributos dos seus pais e o seu relativo valor na batalla xa nunca se interpuxeron entre eles, e se faltaba algo para completar a calidez do seu aprecio atopárono na súa común antipatía polo máis vello dos Quodling. O máis vello dos Quodling ceceaba, levaba un absurdo sombreiro de palla e tiña unha enorme cara

rosada (toda ela cuberta de autocompracencia), e ía ao colexio de curas cunha carteira de pano verde, cousa desprezable. Insultárono e tiráronlle pedras, e cando el respondeu con ameazas («Oes, Art *Kippz*, *zerá* mellor que *parez!*») pasaron ao ataque e fixérono fuxir.

E despois diso rompéronlle a cabeza á boneca de Ann Pornick, e ela marchou para a casa chorando a berros, proceder re- virado e adorable. Sid recibiu unha azouta, pero, como explicou despois, levaba un xornal estratexicamente colocado durante a operación, e en realidade non lle doeu en absoluto... E de repente a señora Pornick asomou a cabeza pola porta da tenda e ameazou a Kipps ao pasar.

## 2

A academia Cavendish, a escola que gañara a limitada preferencia da desaparecida nai de Kipps, establecérase nun maltratado domicilio privado na parte de Hastings máis afastada do mar; chamábana «Academia para cabaleiros mozos» e moitos dos cabaleiros mozos tiñan os pais na «India» e noutros lugares imposibles de verificar. Outros eran fillos de crédulas viúvas ansiosas, como a nai de Kipps, por conseguir algo un pouco «superior» a unha educación de internado ao menor custo posible, e outros, ademais, eran enviados a ela para demostrar a dignidade dos seus pais e titores. E, por suposto, había rapaces de Francia.

O director era unha criatura fraca e longa, de dixestión e temperamento indiferentes, que se proclamaba a si mesmo, nunha placa de letras douradas colocada diante del, como George Garden Woddrow, M.S.C.,<sup>\*</sup> letras que indicaban que pagara determinadas guineas por un diploma falso. Un inhóspito anexo

\* «Membro da Sociedade Científica». A *Society of Science, Letters and Arts* foi unha sociedade operativa entre 1882 e 1902, de carácter pretendidamente

encalado constituía a súa aula e a escolástica calidade dos seus tallados e luídos pupitres e bancos víase resaltada por un escorregadizo encerado e dous grandes mapas amarelos e obsoletos —un de África e o outro de Wiltshire— que conseguira baratos nun saldo. Había outros mapas e globos no seu despacho, onde entrevistaba os pais interesados, pero aqueles os seus alumnos non os vían nunca. E nun chineiro con portas de cristal que había nun corredor había varios xilins en probetas e produtos químicos, un trípode, unha retorta de cristal e un queimador Bunsen estragado, que demostraban que o «laboratorio científico» mencionado no folleto non era unha fanfarronada.

Este folleto, escrito cunha linguaxe digna pero incorrecta, facía especial fincapé na sólida preparación para unha carreira comercial que se impartía na Academia, pero o exército, a armada e a administración pública mencionábanse de pasada nunha frase ambigua. Había algo impreciso no prospecto sobre os «éxitos examinatórios» —aínda que Woodrow, desde logo, rexeitaba as «enchentas» de estudar— e unha declaración de que o currículo incluía «arte», «linguas estranxeiras modernas» e «unha sólida formación técnica e científica». Viña despois a insistencia no «benestar moral» dos alumnos e unha enfática xactancia da excelencia da instrución relixiosa, «tan adoito desatendida hoxe en día, inclusive en colexios de ampla reputación». «Seguro que isto os atrae», comentara o señor Woodrow ao redactar o prospecto e, xunto cos barretes, así foi, certamente. Dirixíase a atención ao «maternal» coidado da señora Woodrow, que era en realidade unha mulleriña parcialmente eclipsada, cun rostro queixoso e unha mente elevada de máis para a cociña, e o prospecto concluía cunha frase intencionadamente vaga: «Comida sen restrición, e leite e hortalizas de colleita propia».

---

académico, que permitía empregar o título de membro da mesma previo pagamento e sen exame de ningún tipo.

Os recordos que Kipps levou daquela escola para a vida posterior inscribíanse nun ambiente de abafamento e desorde mental, e incluían innúmeras escenas sentado en bancos renxentes, aborrecido e desocupado; de lamber borranchos e do sabor da tinta; de libros esgazados con cubertas que lle facían a un renxer os dentes; da superficie pegañenta das pizarras gastadas; dos furtivos xogos de bólas, as historias borboriñadas e os beliscos, pancadas e mil molestias insignificantes destes tipos que se «pasaban» sen cesar segundo o costume do lugar; de estar de pé na clase e ser golpeado de súpeto e sen razón por algunha infracción imaxinaria; dos días de desvarío do señor Woodrow, nos que prevalecía unha inxustiza escasa de cordura; da fría vacuidade da hora de preparación antes do almorzo de pan con manteiga, e das horribles dores de cabeza e as estrañas e insólitas sensacións internas, resultado da cociña máis maternal que intelixente da señora Woodrow. Había deprimentes paseos nos que os rapaces marchaban de dous en dous, vestidos todos cos barretes que tanto impresionaban as súas nais viúvas; había deprimentes descansos de media xornada cando o tempo era húmido, e o espírito do mal xenio e da mala imaxinación operaba ao seu antollo sobre os rapaces internos; había pelexas inxustas e deshonorosas, e derrotas e vitorias miserables; un abusaba doutros e outros abusaban del. Kipps atormentaba especialmente a un rapaz cobarde, até que por fin se viu levado á revolta pola incesante persecución e forzou a Kipps á tolerancia con axitados puños. Tiña lembranzas de durmir tres nunha cama; do intenso cheiro a coiro da aula ao regresar a ela despois do recreo de dez minutos; dun patio de xogos cheo de lama e ocasionais croios afiados. E moitas palabras obscenas ás agachadas.

«Os domingos son os nosos días máis felices», era unha das fórmulas de Woodrow para os pais inquisitivos, pero a Kipps non se lle pedía testemuño diso. Para el eran terribles abismos de inanidade, sen estudio, sen recreo, unha deprimente exten-

sión de tempo co misterio da igrexa dúas veces e pudin de sebo unha vez polo medio. A tarde dedicábase a distraccións furtivas, entre as que figuraba xogar á «Cámara de tortura» cos rapaces menos simpáticos e máis febles. Foi da diferenza entre este día e os de diario de onde Kipps extraeu os seus primeiros conceptos definidos de Deus e do ceo. E o seu instinto levouno a evitar familiarizarse máis con eles mentres puidese.

O traballo cotián variaba segundo o estado de ánimo predominante do señor Woodrow. En ocasións este consistía nun abatido letargo; entón repartíanse cadernos de caligrafía, ou «poñíanse» unhas sumas ou declarábase o gran misterio da contabilidade e por debaixo destas actividades superficiais transcorrían longas conversas e interminables xogos de adiviñas con bólas, mentres o señor Woodrow sentaba, inanimado, no seu escritorio, alleo aos asuntos da escola, esculcando cousas invisibles. Ás veces o seu rostro era completamente inane; outras veces adquiría unha expresión de estancado abraio, como se vise diante dos seus ollos, con desapiadada claridade, a deshonra e a calamidade do seu ser...

Outras veces, o MSC entraba en acción e poñía en pé a unha clase dubidosa e aprendíalle, guiándoa con ácidas burlas e sopramocos a través dun capítulo do *Primeiro curso de francés* ou do *Francia e os franceses* de Ahn, ou dun diálogo sobre a hixiene dun viaxeiro ou as partes dun teatro de ópera. Obtivera os seus coñecementos de francés anos atrás, noutra escola privada inglesa, e refrescáraos con ocasionais semanas de folganza e aventuras desprezables en Dieppe. Ás veces, nas súas leccións, batía con algunha reminiscencia daqueles días máis brillantes, e entón ría de xeito inexplicable e repetía expresións en francés dunha clase descoñecida.

Entre os exercicios máis comúns, prescribía a memorización de longas pasaxes de poesía dun «libro de *Poesía*», cuxa escoli-

ta delegaba nun rapaz dos maiores; e mandaba ler en voz alta a Sagrada Biblia, versículo a versículo —non era unha desas escolas «impías»!—, de maneira que un contaba os versículos que faltaban para o seu e despois dedicábase á conversa; e ás veces alguén lía algunha vulgar Historia desta terra. Facían, segundo declaraba Kipps, «cheas de catecismo». Tiñan tamén que aprender moitas denominacións e listas xeográficas e ás veces Woodrow, nun rauto de enerxía, comprobaba que eses nomes se atopaban realmente nalgún mapa. E unha vez, só unha, houbo unha lección de química —lección de indescribible excitación— con obxectos de cristal das formas máis estrañas, un cheiro a ovos podres, algo burbullando dentro de algo, un estoupido e un alcatreo, e o señor Woodrow dicindo moi claramente —remoérono máis tarde nos dormitorios— «*Diola!*», seguida pola retención dentro do edificio de toda a escola, con extraordinaria severidade, durante unha hora...

Pero intercalados coas súas lembranzas daquela rutina gris había retallos de vivas cores: as Vacacións, as súas vacacións, durante as que, a pesar da lea entre os seus maiores, pasaba todo o tempo que podía con Sid Pornick, o fillo do irascible tendeiro de barba negra da porta do lado. Parecían recordos dun mundo diferente. Había días gloriosos de «facer o parvo» pola praia, de asediar as vulnerables torres Martello, estaba o incesante interese do misterio e o movemento dos muíños de vento, as delongadas excursións con tabelas atadas aos pés polos inestables seixos da praia cara ao faro de Dungeness —Sid Pornick e mais el moi afastados da realidade, contrabandistas e homes armados desde o momento en que deixaran atrás Great Stone—, os paseos sen rumbo no xuncoso boedo sen lindes, longas excursións que chegaban incluso até Hythe, onde as metralladoras do Imperio xiran e repenican eternamente, e até Rye e Winchelsea, empoleiradas como cidades de soño nos seus outeiros. Neses recordos o firmamento era a escintilante bóveda celestial do boedo no verán

ou o seu invernall tumulto de ceo e mar; e alí había naufraxios, naufraxios de verdade (perto de Dymchurch, no alto, denegridas e podrecendo, estaban as costelas dun barco de pesca, envorcado de costado como unha canastra baleira cando o mar engulira a súa tripulación); e estaba o bañarse espidos de todo no mar, mergullarse até as axilas e tratar mesmo de nadar na auga morna do mar (a pesar da prohibición de súa tía) e (coa súa indulxencia) a rara ocasión dunha cea sacada dun envoltorio de papel a varias millas da casa. Adoitaba ser pan e pudin frío de arroz con pasas, non hai comida mellor. E de fondo, en lugar do mesquiño e inquietante mando de Woodrow, estaba a exigua pero con frecuencia bastante amable figura de súa tía —pois, aínda que teimase en facerlle repetir o catecismo da igrexa anglicana todos os domingos, tiña boa man coas comidas que un quería tomar fóra da casa— e mais seu tío, corpulento e irascible, pero sedentario e fácil de esquivar. E a liberdade!

As vacacións eran moi diferentes da escola. Eran libres, eran espazosas e, aínda que nunca o soubese expresar con estas palabras, tiñan un elemento de beleza. No seu recordo da infancia escintilaban como coloridas vidreiras no monótono ermo de paredes escolásticas, e volvíanse máis brillantes canto máis remotas eran. E finalmente chegaron un tempo e un estado de ánimo nos que podía rememoralas cun sentimento semellante ás bágoas.

A última destas vidreiras foi a máis brillante, e en vez dos efectos calidoscópicos das súas predecesoras, a súa gloria foi unha única figura. Pois nas últimas vacacións antes de que o Molok\* do comercio minorista se apropiase del, Kipps fixo os seus primeiros ensaios vacilantes no santuario do Amor. Foron moi vacilantes, pois xa se convertera nun rapaz de paixóns reprimidas, e de afectividade potencial máis que real.

\* Deidade cananea en cuxo culto se sacrificaban nenos.



E o obxecto destas primeiras axitacións do gran desexo non foi outro que Ann Pornick, cuxa boneca descabezaran Sid e mais el había moito, e do que se aledaran había moito, nos días en que aínda tiña que aprender o significado dun corazón.

## 3

As negociacións para facer de Kipps un tendeiro de mercearía xa estaban en marcha antes de que el descubriese as luces que axexaban nos ollos de Ann Pornick. A escola rematara, rematara de todo, e el tiña sobre todo presente que non tiña que volver nunca máis á escola. Era o apoxeo do verán. A «interrupción» da escola fora hilarante, e el acatara con escrupulosa atención á súa honra a excelente máxima de que «o último día é día de paga». Déralles puñadas na cabeza a todos os seus inimigos, retorcéralles os brazos e pateáralles as canelas; repartira todos os seus cadernos de caligrafía sen rematar, todos os seus libros de texto, a súa colección de bólas e o seu barrete entre os que o estimaban; e, en segredo, escribíralles en páxinas recónditas dos seus libros «Acórdate de Art Kipps». Tamén partira a anémica vara de Woodrow, gravara ben forte o seu nome en varios lugares do edificio e rompera a xanela do vertedoiro. Contáralle tantas veces a todo o mundo que ía a estudar para ser capitán de barco que xa case chegara a crelo el mesmo. E agora estaba na casa e a escola chegara ao seu fin para sempre.

O día do seu regreso ergueuse antes das seis, e saíu ao sol quenteño do patio. Púxose a asubiar unha combinación especialmente penetrante de tres notas que os rapaces da Academia Hastings, Sid Pornick e el mesmo supoñían, por ningunha razón en particular, que era o auténtico grito de guerra dos indios huróns. Mentres o facía, finxía que non o estaba a facer, polo odio entre o seu tío e os Pornick, senón que estaba a examinar con respecto e

admiración a nova ala do caseto do lixo que recentemente erixira seu tío, finximento que non enganaría nin a un pito de mazarico.

Inmediatamente chegou un eco familiar do couto de caza dos Pornick. Entón Kipps comezou a cantar: «Ás oitemedia, tra-la, no carreiro de detrás da igrexa», ao que unha persoa non vista contestou: «Ás oitemedia entón, tra-la, no carreiro de detrás da igrexa». Supoñíase que o «tra-la» volvía aquela frase incomprendible para os non iniciados. Para ocultar as súas operacións de xeito aínda máis seguro, as dúas partes do dueto proferiron unha nova vocalización do grito de guerra dos indios huróns e despois dunha prolongada repetición da última e máis estridente das notas, marcharon cada un polo seu lado, como é propio de rapaces no gozo das súas vacacións, a acender o lume nas súas casas.

A Kipps déronlle as oito e media sentado na solleira reixa do alto do longo carreiro que vai cara ao mar, batendo as botas cun ritmo lento e asubiando con gran violencia todo o que coñecía que tivese un ar extremadamente patético. A carón do valado da igrexa apareceu unha rapaza cun vestido curto, cabelo castaño, boa cor e ollos azul escuro. Crecera tanto que era un chisquiño máis alta que Kipps e tiña mellor cor. Tan cambiada estaba desde as últimas vacacións que el apenas a recordaba, se é que a vira durante as súas últimas vacacións, cousa que non lembraba con claridade.

Vela espertou nel unha sensación imprecisa. Deixou de asubiar e mirouna, estrañamente enmudecido.

—Non pode vir —dixo Ann, avanzando valentemente—. Aínda non.

—Como... Sid non vén?

—Non. Meu pai mandoulle limpar outra vez o po de todas as súas caixas.

—Para que?

—Non o sei. Meu pai está que ferve esta mañá.

—Ah!

Silencio. Kipps mirouna, e despois foi incapaz de mirala outra vez. Ela observábao con interese.

—Deixaches a escola? —preguntou tras unha pausa.

—Deixei.

—Sid tamén.

A conversa languideceu. Ann pousou as mans no alto da cancela e comezou un brincar estacionario, unha especie de ineficaz experimento ximnástico.

—Sabes correr? —dixo ela despois.

—Bótoche unha carreira cando queiras —dixo Kipps.

—Dásme vantaxe?

—Até onde? —dixo Kipps.

Ann considerouno e indicou unha árbore. Camiñou cara a ela e volveuse.

—Até aquí? —berrou. Kipps, agora en pé e tocando a reixa, sorriu para expresar unha superioridade consciente.

—Máis lonxe! —dixo.

—Aquí?

—Un chisco máis! —dixo Kipps, e entón, arrepentíndose da súa magnanimidade, dixo de súpeto—: Xa! —e recuperou o seu privilexio perdido.

Chegaron a un tempo á árbore, colorados e sen alento.

—Empate! —dixo Ann, tirando o pelo de diante da cara coa man.

—Gañei eu —arfou Kipps.

Discutiron intensa pero educadamente.

—Pois corramos outra vez, entón —dixo Kipps—. A min tanto che me ten.

Volveron cara á reixa.

—Non corres mal —dixo Kipps, de xeito calmo, expresando sincera admiración—. Eu son bastante bo, sabes?

Ann apartou o pelo da cara cun destro golpe de melena.

—Déchesme vantaxe —concedeu ela.

Decatáronse de que Sid se achegaba a eles.

—Anda con coidado, pequena Ann —dixo Sid, con esa irreverente falta de simpatía tan común nos irmáns—. Levas fóra case media hora. Arriba non hai nada feito. Meu pai dixo que non sabía onde estabas, pero que cando o soubese che ía quentar as orellíñas.

Ann dispúxose a marchar.

—Que pasa coa carreira? —preguntou Kipps.

—Arre, ho! —exclamou Sid, bastante sorprendido—. Non me digas que lle botaches unha carreira a ela!

Ann abaneouse no cabo da cancela cos ollos postos en Kipps, despois deu volta de repente e marchou correndo polo carreiro abaixo. Os ollos de Kipps trataron de seguila e volveron aos de Sid.

—*Dinlle* unha morea de vantaxe —dixo Kipps arrependíndose—. Non foi unha carreira de verdade.

E aí morreu o conto. Mais Kipps ficou *distract* talvez uns segundos, e xa o proído comezara nel.

4

Procederon a tratar o asunto de como podían pasar a mañá da maneira máis satisfactoria dous consumados huróns. Evidentemente, a súa ruta ía dereita polo carreiro cara ao mar.

—Hai outro barco afundido —dixo Sid—, e, meu, cheira que apetrena!

—Apetrena?

—Dan ganas de trousar. Éche trigo podre.

Deron en falar de naufraxios, e así chegaron a acoirazados e guerras e temas de igual índole viril. A medio camiño cara ao barco afundido, Kipps fixo un comentario casual irrelevante.

—Túa irmá non che é mala rapaza —dixo como quen non quere a cousa.

—Eu mallo moito nela —dixo Sidney modestamente; e despois dunha pausa, a conversa volveu sobre temas máis acaídos.

O novo barco afundido estaba cargado de gran putrescente, e fedía dun xeito abominable, tanto como dixerá Sid. Era excelente. Tíñano todo para eles sós. Tomaron plena posesión del, por suxestión de Sid e pronto tiveron que defendelo contra enormes cantidades de «nativos» imaxinarios, que ao final eran esco-rentados con grandes berros de «pum, pum» e vigorosas estocadas e empurróns con paus. Despois, tamén por orde de Sid, navegaron nel por entre unha frota combinada francesa, alemá e rusa, arrasando a combinación sen axuda, e, tras recalar na praia, gabearon polo costado e esnaquizaron o seu propio navío dun xeito brillante, padeceron un magnífico naufraxio (con vocaliza-

cións de tronos) e acabaron «asolagados» —conforme insistira Sid— nun mar exhausto.

Estas cousas afastaron a Ann da súa mente por un tempo. Pero ao final, mentres andaban á deriva sen comida nin auga nun océano estancado, con ollos trasnoitados, os queixos entre as mans, buscando en van unha vela, volveulle bruscamente á cabeza.

—Ter irmás está bastante ben —afirmou un mariñeiro a piques de fenecer.

Sid revirouse e mirouno, pensativo.

—Non tal, ho! —dixo.

—Non?

—Para nada. —Sorriu en ton confidencial—. Saben de máis —dixo, e despois—, zafan das cousas.

Retomou o seu sombrizo escrutinio dun horizonte sen esperanza. Deseguida púxose a cuspir compulsivamente entre os dentes, tal como lera que facían os homes maduros que mascaban tabaco.

—As irmás —dixo— son unha podremia. Iso é o que son. As rapazas aínda tal, pero as irmás... Non!

—Pero as irmás non son rapazas?

—Para nada! —dixo Sid, cun tremendo desdén. Kipps contestou:

—Xa, claro. Non quería dicir... Non estaba a pensar niso.

—Tes moza? —preguntou Sid, cusbindo de novo con habencia. Kipps admitiu a súa deficiencia. Sentiu remorsos.

—Apóstоче a que non sabes quen é a miña moza, Art Kipps.

—Quen é, logo? —preguntou Kipps, aínda preocupado fundamentalmente pola súa carencia.

—Ah!

Kipps deixou que pasara un momento antes de cumprir co seu deber.

—Cóntamo!

Sid esculcouno e dubidou.

—Gárdasme o segredo? —dixo.

—Gárdocho.

—Así morras?

—Así morra! —A autocompaixón de Kipps converteuse en curiosidade.

Sid mandoulle facer un terrible xuramento. Sid atívose afectuosamente aos feitos.

—Empeza por M —dixo, dosificándose con parsimonia—. M-A-U-D —soletreou, cunha rigorosa ollada posta en Kipps—. C-H-A-R-T-E-R-I-S.

Maud Charteris era unha moza de dezaioito anos, e filla do párroco de St. Bavon (ademais de ter unha bicicleta), polo que mentres o seu nome saía á luz o rostro de Kipps íase alongando, respectuoso.

—Vai por aí —dixo entre dentes con incredulidade—. Non é a túa moza, Sid Pornick.

—É tal! —respondeu Sid, decidido.

—Que dis?... De verdade?

—De verdade.

Kipps esculcou o seu rostro.

—En serio?

Sidd tocou madeira, asubiou e repetiu un ripio vinculante con gran solemnidade.

Kipps seguía batallando coa increíble nova luz que se derramaba sobre o mundo que o rodeaba.

—Queres dicir... que ela o sabe?

Sid púxose moi encarnado, e o seu semblante volveuse adusto e sombrizo. Recuperou o seu melancólico escrutinio do mar iluminado polo sol.

—Morrería por esa rapaza, Art Kipps —dixo ao cabo; e Kipps non forzou unha pregunta que sentiu que sería inoportuna—. Faría calquera cousa que me pedise —dixo Sid—, calquera cousa. Se me pedise que me botase ao mar —mirou a Kipps aos ollos—, faríao —dixo.

Ficaron pensativos un anaco, e despois Sid comezou a disertar en fragmentos sobre o Amor, un tema sobre o que Kipps xa meditara un bocadiño ás agachadas, mais do que, á parte de chanzas, nunca oíra falar á luz do día. Desde logo, moitos e diversos aspectos da vida saíran a luz nos bisbados intercambios de coñecemento que se daba baixo a sombra de Woodrow, pero este do amor sentimental non se atopaba entre aqueles. Sid, que era un rapaz dotado de imaxinación, despois de sacar o tema, abriulle o seu corazón ou, en calquera caso, unha nova cavidade do seu corazón, a Kipps, e non lle pareceu mal que este non fixese o propio. Sacou unha sobada noveliña que formara parte do seu espertar sentimental; ofreceulla a Kipps e confesou que nela había un personaxe, un baronete, que se parecía moito a el. Este baronete era unha persoa de paixóns volcánicas, que agochaba baixo unha aparencia de «cinismo glacial». A máxima



expresión que se permitía era rinchar os dentes, e agora que llo mencionaba, Kipps comentou que Sid tamén tiña o hábito de rinchar os dentes e que, de feito, os rinchara toda a mañá. Leron un tempo e ao cabo Sid falou de novo. O concepto do amor que amosaba Sid estaba composto de devoción e de viva loita, cun toque de misterio, pero a través de toda aquela brétema de palabras flotaba ante Kipps un rostro ruborizado e uns cabelos apartados cun destro golpe de melena.

E así xermolaron, sentados no vello barco denegrado no que viviran e morreran homes, mirando ao mar, falando dese outro mar ao que en breve debían ir...

Deixaron de falar e Sid púxose a ler, pero Kipps, quedando atrás na lectura e sen querer recoñecer que lía máis amodo que Sid, cuxa educación era da marca inferior da Escola Pública, sumiuse na meditación.

—Gustaríame ter unha moza —dixo Kipps—. Só para falar e todo iso, digo...

Un saco que aboiaba na auga distraeunos por fin deste escuro tema. Abandonaron o barco naufragado e seguiron o seu novo obxecto de interese unha milla ao longo da praia, bombardeándoo con seixos até que chegou a terra. Decantáranse pola opinión de que contería misterios románticos, pero só era un gatiño mal conservado, demasiado mal até para eles. E finalmente víronse levados na dirección da cea e marcharon para a casa famentos e pensativos o un ao lado do outro.

## 5

Pero a imaxinación de Kipps quentárase con aquela charla sobre o amor, e á tarde, cando viu a Ann Pornick en High Street e lle dixo: «Ola!», foi un «ola» diferente daquel do seu

encontro anterior. E cando pasaron un ao lado do outro, ambos miraron atrás e cacharon ao outro facendo o propio. Si, devecía por ter moza...

Máis tarde distraeuno un locomóbil que pasaba polo medio da vila, e súa tía trouxera uns tranchos para a cea. Cando estaba na cama, porén, o sentimento botouse sobre el nun torrente abrupto e abondoso, e meteu a cabeza debaixo da almofada e dixo en voz moi baixa: «Amo a Ann Pornick», como unha sorte de oración complementaria.

Nos seus soños posteriores botaba carreiras con Ann e vivían xuntos nun barco naufragado, e ela sempre tiña a cara colorada e o cabelo enmarcándolle o rostro. Limitábanse a vivir no barco naufragado ea botar carreiras, e tíñanse moito, moito cariño. E a súa comida favorita eran as rochas de chocolate, os dátiles como os que se mercan nos postos ambulantes e os tranchos, tranchos fritos...

Pola mañá oíu cantar a Ann no vertedoiro da porta do lado. Escoitouna un anaco e entendeu que debía expoñerlle a situación.

Cara ao solpor daquela tarde atopáronse de casualidade onda a cancela da igrexa, pero malia que era moito o que bulía na súa mente, detívose alí cunha firme timidez até que Ann e mais el quedaron sen alento collendo cascudos e sentaron naquela reixa súa. Ann sentou enriba da cancela, escura contra vastas masas de ardente carmesí e tenebroso púrpura, e os seus ollos miraban a Kipps desde o seu rostro en sombra. Fíxose un silencio entre eles e, de súpeto, el sentiuse movido a falar do seu amor.

—Ann —dixo—. Gústasme. Gustaríame que foses a miña moza... Quero dicir, Ann, queres ser a miña moza?

Ann non finxiu abraio ningún. Sopesou a proposta por un momento cos ollos fixos en Kipps.

—Se ti queres, Artie —dixo xovialmente—. Non me importaría.

—Moi ben —dixo Kipps sen alento pola emoción—, entón es a miña moza.

—Moi ben —dixo Ann.

Algo pareceu caer entre eles, xa non se miraban abertamente.

—Arre, ho! —berrou Ann de súpeto—. Mira ese! —E deu un chimp e botou a correr atrás dun cascudo que aparecera a unha iarda da súa cara. E con iso volveron ser un rapaz e unha rapaz...

Evitaban traballosamente a súa nova relación.

Non a retomaron en varios días, aínda que se atoparon dúas veces. Ambos sentían que faltaba algo para que aquela experiencia puidese considerarse completa; mais había unha timidez infinita con respecto ao seguinte paso. Kipps falaba fragmentariamente de todo tipo de temas, mencionando en especial as grandes cousas que se ían facer para convertelo nun gran home e comerciante de tecidos; que tiña dous pares novos de pantalóns, un gabán negro e catro camisas novas. E mentres tanto a súa imaxinación animábao a dar aquel paso descoñecido e cando estaba só e ás escuras até se convertía nun namorado con iniciativa. Fíxose evidente para el que sería agradable coller a Ann da man; até as decorosas noveliñas que tanto lle gustaban a Sid o incitaban a aquel maior achegamento á intimidade.

Entón veulle unha gran idea cun parágrafo chamado «Prendas dos amantes» que leu nun anaco esgazado de *Tit-Bits*.<sup>\*</sup> Era a medida perfecta da súa coraxe: unha moeda de seis peniques dividida! Fíxose coas mellores tesoiras de súa tía, colleu unha moeda do seu infantil peto de lata e picou o dedo nos seus di-

\* Revista semanal fundada en 1881, considerada unha das publicacións precursoras da prensa popular británica. Mantívose en circulación até 1984.

versos intentos de partila en dous. Cando se volveron ver os seis peniques seguían intactos. Non tiña intención de mencionar o asunto naquel momento, pero xurdiu espontaneamente. Empeñouse en explicarlle a teoría da moeda de seis peniques partida e o seu inesperado fracaso ao tentar partir unha.

—Pero para que a *ques* romper? —dixo Ann—. Rota non vale para nada.

—É unha prenda —engadiu Kipps.

—O que...?

—Oh, ti gardas unha metade e eu gardo a outra, e cando esteamos separados, ti miras a túa metade e eu miro a miña, entendes? Entón pensamos o un no outro.

—Ah! —dixo Ann, e pareceu assimilar a información.

—Só que non a dou partido ao medio de ningún xeito —dixo Kipps.

Debateron aquela dificultade durante un tempo sen chegar a dilucidala. Entón Ann tivo unha feliz idea.

—Sabes que? —dixo ela, afastándose del de súpeto e pousándolle unha man no brazo—, déixama a min, Artie. Eu sei onde garda meu pai a lima.

Kipps deulle os seis peniques e houbo unha pausa.

—Heino facer coma nada —dixo Ann.

Ao examinar a moeda o un de par do outro, a cabeza del achegárase á meixela de Ann. De xeito bastante abrupto viuse movido a dar o seguinte paso cara aos descoñecidos misterios do amor.

—Ann —dixo, e tragou saliva pola súa temeridade—. Eu quéroche. En serio. Faría calquera cousa por ti, Ann. De verdade.

Detívose para coller folgos. Ela non respondeu nada, pero sen dúbida estíbese divertindo. El achegouse máis aínda, tocando co seu ombro o ombro dela.

—Ann, gustaríame que...

Detívose.

—O que? —dixo Ann.

—Ann... Déixame darche un bico.

As cousas pareceron quedar en suspenso un momento. O seu ton, o descenso da súa coraxe volveron a cousa increíble mentres falaba. Kipps non era desa clase audaz de galanteadores que impoñen condicións.

Ann sentiu que, despois de todo, non estaba preparada para bicarse. Bicarse, dixo, era unha parvada, e cando Kipps quixo despregar unha tardía iniciativa, ela afastouse del. El tratou de argumentar. Mantívose afastado dela, por así dicilo —boa parte dunha iarda—, e díxolle que se podía deixar bicar, e despois que non vía que ben lle facía a ela ser a súa moza se el non podía bicala...

Ela repetía que bicarse era unha parvada. Un certo distanciamento foinos levando cara á casa. Chegaron á sombriza High Street nin xuntos de todo nin exactamente afastados, senón demorándose. Non se bicaran, pero entre eles instalárase a culpa toda do bico. Cando Kipps viu a graúda figura de seu tío recorándose vagamente na entrada da tenda, os seus pasos cambalearon, e o espazo entre a nosa nova parella aumentou. Arriba, a xanela de encima da tenda de Pornick estaba aberta e víase á señora Pornick tomando o aire. Kipps adoptou unha expresión de extrema inocencia. Atopouse fronte a fronte coa avanzada dos botóns do chaleco de seu tío.

—Onde estabas, rapaz?

—Fun dar unha volta, meu tío.

—Non irías coa moinanta esa do Pornick?

—Con quen?

—Coa cativa esa —dixo, indicando a Ann coa pipa.

—Ai, non, tío! —moi baixiño.

—Pasa para dentro, rapaz. —O vello Kipps apartou para un lado, cunha ollada oblicua cara arriba, e seu sobriño pasou por onda el, rozándoo con torpeza, e desapareceu da vista da rúa na vaga escuridade da tendiña. A porta pechouse tras o vello Kipps cun nervioso repenicar da campáiña, e el púxose a acender a única lámpada de aceite que iluminaba a tenda pola noite. Era unha operación que requiría coidado e dilixencia, se non flamexaba e «cheiraba». Cheiraba a miúdo, despois de todo. Por algunha razón, Kipps atopou a escura sala onde estaba súa tía ateigada de máis para os seus sentimentos, e foi para arriba.

«A moinanta esa do Pornick!» Parecíalle que ocorrera unha catástrofe horrible. Sentía que se identificara indisolublemente con seu tío e que se desligara dela para sempre ao dicir «Ai, non!». Na cea era tan visible que estaba abatido que súa tía lle preguntou se non se atopaba ben. Ante esta inminente ameaza medicinal, exhibiu unha alegría antinatural...

Aquela noite, ficou esperto na cama case media hora, xemendo porque todas as cousas foran mal, porque Ann non lle deixara bicala e porque seu tío lle chamara moinanta. Para Kipps era case como se el mesmo a chamase moinanta...

Chegou un período durante o que Ann lle foi completamente inaccesible. Un, dous, tres días pasaron e non a viu. Viu a Sid varias veces; foron de pesca e dúas veces bañáronse, pero aínda que Sid lle emprestara outras dúas historias de amor e elas devolvera, non volveron falar de amor. No entanto, seguían

concordando, ambos recoñecían que a historia máis claramente sentimental era «correcta». Kipps sempre estaba desexando falar de Ann e nunca se atrevía a facelo. Viuna o domingo pola tarde, cando saía para a igrexa. Estaba máis fermosa que nunca coa súa roupa de domingo, pero fixo que non o vía porque ía canda súa nai. Pero el creu que finxía non velo porque renunciara a el para sempre. Moinanta! De quen podía esperarse que perdoase iso? Abandonouse á desesperación, até deixou de frecuentar os lugares onde podía atopala...

Cunha paralizante imprevisión chegou o final.

O señor Shalford, o comerciante de tecidos de Folkestone a quen lle ía ser encomendado como aprendiz, expresara o desexo de «formar un chisco o rapaz» antes das rebaixas de outono. Kipps decatouse de que estaban enchendo o seu baúl e soubo toda a verdade das cousas a tarde anterior á súa marcha. Púxose febrilmente ansioso por ver a Ann só unha vez máis. Puxo escusas parvas e innecesarias para saír ao patio, percorreu tres veces a rúa sen escusa ningunha para levantar a vista cara ás xanelas dos Pornick. Ela seguía agochada. El íase desesperando. Foi media hora antes da súa partida cando bateu con Sid.

—Ola! —dixo—. Marcho!

—Por choio?

—Si.

Silencio.

—Mira, Sid, vas para a casa?

—Dereitiño.

—Importaríache... preguntarlle a Ann por aquilo?

—Polo que?

—Xa o sabe ela.

E Sid dixo que lle había preguntar. Pero nin iso, ao parecer, abondou para facer aparecer a Ann.

Por fin chegou a dilixencia de Folkestone e el subiu. Súa tía estaba na porta para velo partir. Seu tío axudoulle a subir o baúl e mais a maleta. Só podía espreitar furtivamente as xanelas dos Pornick, parecía que Ann seguía negándolle o favor do seu corazón.

—Arriba! —dixo o condutor, e os cascos dos cabalos comezaron a resoar. Non, ela non ía saír nin sequera para velo marchar. A dilixencia púxose en movemento e o vello Kipps volveu para a súa tenda. Kipps fixou a mirada diante de si, asegurándose que non lle importaba.

Oíu bater unha porta e ao instante virou o pescozo para mirar atrás. Coñecía moi ben aquel bater. E velaí que pola porta da mercería saíu disparada á estrada unha pequena figura desaliñada cun modesto vestido rosa e botou a correr detrás da dilixencia. Nunha ducia de segundos xa estaba á súa altura. Ao vela o corazón de Kipps comezou a bater moi rápido, pero non fixo ningún ademán de recoñecemento.

—Artie! —berrou ela sen folgo—. Artie! Artie! Mira! Xa teño iso!

A dilixencia xa estaba acelerando o paso e deixándoa atrás de novo, cando Kipps entendeu o que significaba «iso». Animouse, tragou aire, recadou toda a súa coraxe e pediulle nun murmuro incoherente ao condutor que «parase só un chisquiño para unha cousa». O condutor rosmou, como esixía a diferenza de idade entre eles, a dilixencia detívose e alí abaixo estaba Ann.

Ann gabeou pola roda. Kipps mirou o seu rostro desde arriba, e estaba contraído e decidido. Os seus ollos atopáronse un



instante mentres as súas mans se tocaban. Non era un bo lector de olladas. Algo pasou rapidamente dunha man á outra, algo que ao condutor, que esculcaba de esguello, non puido ver. Kipps non tiña nada que dicir e o único que dixo ela foi:

—Fíxeno eu, agora pola mañá. —Era como un espazo baleiro no que debería escribirse algo preñado de significado e non se escribira. Despois ela baixou, e a dilixencia seguiu adiante.

Despois dun lapso duns dez segundos, ocorrúselles poñerse en pé e despedirse dela co seu sombreiro fungo novo desde a esquina da parte alta da dilixencia, e berrar con voz rouca:


—Adeus, Ann! Non me esquezas... mentres estou fóra!

Ela ficou na estrada mirándoo e ao cabo despediuse coa man.

El permaneceu inestablemente en pé, mirando cara a ela co rostro encarnado e o cabelo revoltado polo vento, e moveu o seu sombreiro até que, por fin, unha curva da estrada a afastou dos seus ollos. Entón revirouse e sentou, e inmediatamente meteu a media moeda de seis peniques que suxeitaba na man no peto dos pantalóns. Mirou de esguello ao condutor para avaliar canto vira.

Despois dou en pensar. Decidiu que, pasase o que pasase, cando regresase a New Romney polo Nadal bicaría a Ann polas boas ou polas malas. Entón todo sería perfecto e correcto, e el sería perfectamente feliz.





ESTE LIBRO ENTROU NO  
PRELO O 5 DE XUÑO DE 2017

